

**CARPETA DE AULA DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
(Adaptación ao centro de Materiais da UVIC)**

CEIP PLURILINGÜE de LEIRADO

ANÁLISE DA COHESIÓN DO GRUPO-CLASE e DINÁMICAS

(Decisións con relación ao Ámbito A: DIMENSIÓNS SOBRE AS QUE IMOS INTERVIR)

		Ocorre		Dinámica proposta	Cando?/Onde?/ Quen?	Valoración
		SI	NON			
1	O nivel de participación do alumnado é moi diferente? <i>Mentres uns son moi extrovertid@s e participan moito e incluso tenden a monopolizar as intervencións e a impoñer os seus puntos de vista, outros son máis introvertid@s e cústalles moito participar, e os demais apenas teñen en conta o seu punto de vista?....</i> <i>Dimensión: Participación e consenso.</i>	X				
2	Hai sempre unha boa relación entre o alumnado? <i>Coñécense pouco entre eles?, Algúns séntense marxina@s, excluíd@s, non suficientemente valorad@s...?, Hai tensións entre os alumn@s do grupo?....</i> <i>Dimensión: Coñecemento mutuo e interacción entre o alumnado.</i>	X		Páxinas amarelas Quen é quen?	1º trimestre 2º trimestre	Ambas dinámicas favorecen o coñecemento mutuo e polo tanto a interacción entre o alumnado.
3	O alumnado corrente e o alumnado con algunha discapacidade relaciónanse pouco? <i>Os primeir@s deixan de lado ós segund@s e algúns incluso se burlan deles?...</i> <i>Dimensión: Coñecemento mutuo e interacción entre o alumnado corrente e o integrado.</i>	X		Rede de apoio entre compañeiros.	Todo o curso	
4	Entre o alumnado predominan actitudes individualistas (cada un vai ó seu) e/ou competitivas (rivalizan entre eles para ser o mellor da clase)? <i>A algúns agrádalle traballar en equipo só para aproveitarse d@s demais?, Outros rexéitanos porque non queren que ninguén se aproveite do seu traballo?, Algúns prefiren traballar sos antes que facelo en equipo?...</i> <i>Dimensión: Importancia e eficacia do traballo en equipo</i>	X		Xogo da Nasa	3º trimestre	Esta dinámica permitiu descubrir que as decisións tomadas en equipo son máis acertadas que as decisións individuais, e que o traballo en equipo é máis eficaz que o traballo individual.
5	En xeral, o alumnado non valora o traballo en equipo? <i>Non dan importancia a valores como a solidariedade, a axuda mutua, o respecto polas diferenzas?, É difícil que se sintan responsables da aprendizaxe dos compañeir@s?, Custa conseguir que se axuden uns a outros a aprender os contidos das distintas áreas?...</i> <i>Dimensión: Desenvolvemento da solidariedade e da convivencia.</i>		X			

Valoración: Que dinámicas de grupo, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada...

Rede de apoio entre compañeiros/as: Sinalar a importancia desta dinámica pola contribución dos/as compañeiros/as á hora de dar apoio ao alumnado que presenta máis barreiras na aprendizaxe.. Dentro do grupo clase tamén houbo un grupo de alumnos/as que ofrecían o seu apoio ao compañeiro con discapacidade. Tratouse dun apoio material (nos desprazamentos, por exemplo), apoio moral (animarlle, estar con el nos ratos libres -patio, excursións e visitas-, tranquilizalo nos momentos de frustración...) e apoio educativo (axudarlle nas tarefas escolares a través da creación dentro dos equipos de cooperativo da figura de axudante que ía rotando da figura ...), etc.

ESTRUTURAS A EMPREGADAS EN ACTIVIDADES REGULARES E TAREFAS INTEGRADAS/ PEQUENOS PROXECTOS

(Decisións con relación ao Ámbito B)

Actividades regulares (lectura, problemas, resumos...)	Estrutura/s a aplicar	Avaliación
<i>Coñecer ideas previas e comprobar a comprensión dun tema.</i>	<i>Folio xiratorio</i>	<i>Podémola empregar ademáis de para coñecer as ideas previas para resolver exercicios e para responder cuestións que resuman o tema traballado.</i>
<i>Introducir un tema e asegurar a comprensión dun texto.</i>	<i>Lectura compartida</i>	<i>Poderíamola empregar tamén para asegurar a comprensión dun texto que sintetice os contidos do tema traballado.</i>
<i>Resolución de problemas, exercicios...</i>	<i>Lapis ao centro</i>	<i>Podémola empregar para coñecer as ideas previas, comprobar a comprensión dunha explicación ou resumir as ideas principais do tema traballado.</i>
<i>Resumir as ideas principais dun tema e resolución de exercicios.</i>	<i>1-2-4</i>	<i>Podémola usar ademáis para coñecer as ideas previas, para comprobar a comprensión dunha explicación, e para responder cuestións que resuman o tema traballado.</i>
<i>Plantexar dúbidas sobre o tema que estase a traballar.</i>	<i>Parada de 3 minutos</i>	<i>Poderíamola empregar tamén para recordar ideas relacionadas co tema que imos traballar ou para plantexar cuestións sobre o tema antes ou despois de traballalo.</i>
<i>Asegurar a comprensión de contidos por todos os membros do equipo.</i>	<i>Números iguais xuntos</i>	<i>Permite asegurar ao máximo a esixencia mutua entre os membros dun equipo á hora de facer e saber facer uns determinados exercicios ou actividades</i>

Tarefa Integrada/ Pequeno proxecto	Título: Elaboración dunha receita no proxecto “A volta ao mundo en 160 días” – 2º TRIMESTRE	Inicio ¹ : xaneiro	Final: marzo/abril
Área/as ² :	Lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, CCNN, CCSS e Matemáticas		
Profesor/a/ores/as:	Naren Fernández Alonso, Paula Souto Estévez e Begoña Muñoz Rodríguez		
Técnica ³ :	Estrutura/as ⁴ :	Finalidade:	
	Folio xiratorio	Coñecer ideas previas e comprobar a comprensión dun tema.	
	Lapis ao centro	Resolver problemas, exercicios.	
	Lectura compartida	Introducir temas e asegurar a comprensión de textos.	
	1-2-4	Resumir as ideas principais de temas e resolver exercicios.	
	Parada de 3 minutos	Plantexar dúbidas sobre o tema que estase a traballar.	
	Números iguais xuntos	Asegurar a comprensión de contidos por todos os membros do equipo	
Valoración: Que estruturas cooperativas, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/ pequeno proxecto		<i>Manter as estruturas traballadas. Son moi motivadoras para o alumnado. As adaptacións na “Lectura compartida” e en “Números iguais xuntos” para o alumnado que presenta máis barreiras de aprendizaxe resultaron de moita utilidade para a participación de todo o alumnado no desenvolvemento da tarefa.</i>	

¹ Cando se levará a cabo este proxecto/tarefa.

² Áreas do proxecto/tarefa: lingua, coñecemento do medio (ou ciencias sociais), educación plástica...

³ Grupos de Investigación (GI), Crebacabezas, TGT...

⁴ Por exemplo: Parada de 3 Minutos, para que o resto da clase plantexe preguntas ou dúbidas; 1-2-4, para que o equipo que explicou o tema plantexe preguntas de comprensión ao resto dos equipos; Saco de Dúbidas, para preparar o exame...

PLANS DE EQUIPO
(Decisións en relación ao Ámbito C)

1. Formamos os equipos: Que cargos e funcións en cada equipo?

<i>Cargo:</i>	<i>Funcións:</i>
Coordinador/a	Explica e lembra normas, funcionamento e obxectivos.
Secretario/a e Voceiro/a	Coida do plan, redacta e asina en nome do equipo. Fala en nome do equipo
Encargado/a material	Coida e reparte materiais e fai recados

2. Iniciamos os Plans de Equipo:

- a. Modelo de Plan do Equipo e de Caderno do Equipo que utilizaremos: Plan de equipo de centro
- b. Plan de Equipo: duración, compromisos, obxectivos...: Trimestral con rotación de cargos.
- c. Como distribuimos os Diarios de Sesións?: Dous por Plan de Equipo.
- d. Avaliación do Plan de Equipo: Despois dos dous diarios de sesión.

3. Como foi o funcionamento dos equipos?

1º TRIMESTRE: Equipos:

- Os galácticos (Javi, Sara e Lito), Team DSM (David, Sofía e Miriam) e PAP JAILAIS (Bruno, Denis e Brian).

2º TRIMESTRE: Equipos:

- Los Juanetes (Bruno, Brian e Miri), Team JDL (Javi, David e Lito) e Los Superdogs España (Sara, Denis e Sofi.

Valoración: Que aspectos do Plan do Equipo, como e cando, debemos... manter e/ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/pequeno proxecto.

Bo funcionamento dos equipos en xeral. É un grupo bastante cohesionado. A maior dificultade a tiveron á hora de chegar a acordos así como no cumprimento das funcións dos cargos. Sen embargo, tiveron presente o cumprimento dos compromisos que estableceron nos plans. Todo un reto deste curso foi a asegurar a maior participación do alumnado que presenta máis barreiras na aprendizaxe así como a adaptación dos tres ámbitos da AC a este alumnado.

Valoración das actuacións levadas a cabo con relación ó Ámbito A:

Seguir traballando de cara ao vindeiro curso escolares dinámicas que faciliten a inclusión dos compañeiros con máis dificultades (rede de apoio entre compañeiros) potenciando o coñecemento mutuo. Seguir insistindo nas dinámicas que amosen a importancia do traballo en equipo amosando a súa eficacia.

Valoración das actuacións levadas a cabo con relación ó Ámbito B:

Manter as estruturas traballadas de cara ao vindeiro curso. Seguir adaptando estruturas naqueles equipos que hai alumnado con barreiras para a aprendizaxe.

Valoración das actuacións levadas a cabo con relación ó Ámbito C:

Manter cargos e realizar polo menos un plan de equipo trimestral con a lo menos dous diarios de sesións e unha valoración do plan. Asegurar a participación de todo o alumnado.

DINÁMICAS: PÁXINAS AMARELAS

Obxectivos prioritarios <i>Favorecer a interrelación, o coñecemento mutuo e a distensión dentro do grupo.</i>	Material <i>Impreso, boli e rotuladores.</i> Organización do tempo <i>Unha sesión para a elaboración da ficha. Algunha outra sesión para o emprego dos servizos que ofrecen as páxinas amarelas.</i>
Descrición da Dinámica Indicaranse: ☉ As tarefas: - O profesor reparte os impresos ao alumnado. - O alumnado cubrirá o impreso repartido polo profesor dun xeito individual. - A profesora recolle os impresos e os encaderna en forma de “libro clase”. - A profesora confecciona una especie de Guía de Servizos da clase con estes anuncios ordenados alfabeticamente; un libro de “Páxinas amarelas” de clase, onde cada estudante pon un anuncio sobre algo que pode ensinar aos seus compañeiros e compañeiras. ☉ Consigna: A profesora explica a dinámica mentres reparte o material indicándolles “debedes cubrir este impreso dun xeito individual, cubrindo os seguintes datos: en primeiro lugar debedes poñer o título do servizo que ofrecedes, en segundo lugar unha descrición deste servizo, e por último realizaredes un pequeno debuxo ou ilustración poñendo o voso nome”. ☉ Intervención de regulación da actividade: A profesora ten que indicarlles que só deben ofertar un servizo porque tenden a poñer máis de un.	
Avaliación da Dinámica <i>A dinámica desenvolveuse correctamente. Están desexando empezar a empregar esta guía.</i> <i>A valoración da dinámica é moi positiva posto que serviu para que o grupo clase se coñeza mellor así coma para valorar os aspectos positivos dos outros.</i>	
Ampliación e xeneralización <i>A dinámica resultou axeitada para o grupo. É unha dinámica axeitada para valorar as calidades dos demais. Podería facerse conxuntamente con outros grupos.</i>	

PÁXINAS AMARELAS: GUÍA DE SERVIZOS DA CLASE

NOME DO ALUMNO/A: Brian González Ojea

SERVIZO: clases de debuxo

DESCRICIÓN DO SERVIZO: axudo a debuxar dándolhe consellos, axudando un pouco nas partes de dificultade e dándolhe algunhas ideas de detalles.



PÁXINAS AMARELAS: GUÍA DE SERVIZOS DA CLASE

páxinas galegas

6º curso CEIP Plurilingüe de LEIRADO

PÁXINAS AMARELAS: GUÍA DE SERVIZOS DA CLASE

NOME DO ALUMNO/A: Sofía Rodríguez Busato

SERVIZO: O piano

DESCRICIÓN DO SERVIZO: Eu voy axudar a xente que quera aprender o piano.




PÁXINAS AMARELAS: GUÍA DE SERVIZOS DA CLASE

NOME DO ALUMNO/A: Javier García Carballo

SERVIZO: Clases de calculo mental

DESCRICIÓN DO SERVIZO: Eu podo axudar a xente nas multiplicacións. E ensinar os meus truco para que se fagan pouco tempo non nos por nerviosos.



PÁXINAS AMARELAS: GUÍA DE SERVIZOS DA CLASE

NOME DO ALUMNO/A: CITO

SERVIZO: TALLER DE PUZZLES

DESCRICIÓN DO SERVIZO: Axudo a facer puzzles durante os recreos na biblioteca.



QUEN É QUEN


Obxectivos prioritarios <i>Favorecer a interrelación, o coñecemento mutuo e a distensión dentro do grupo.</i>	Material <i>Impreso, bolis de cores.</i> Organización do tempo <i>Unha sesión para a lectura, elaboración da ficha e identificación do compañeiro/a que elaborou a mesma.</i>
Descrición da Dinámica Indicaranse: ☉ As tarefas: - <i>A mestra reparte a ficha e cada alumno ou alumna debe elaborar a ficha con frases incompletas sobre as súas actitudes e forma de pensar respecto ao equipo e ao grupo.</i> - <i>A cada alumno ou alumna se lle pasa unha ficha con frases incompletas sobre as súas actitudes, comportamento, forma de pensar... respecto ao equipo e ao grupo clase en xeral.</i> - <i>A mestra recolle as fichas completadas e as le en voz alta.</i> - <i>O grupo clase debe identificar ao autor da ficha a partires do que a mestra le.</i> - <i>Finalmente haberá unha reflexión grupal sobre esta dinámica.</i> ☉ Consigna: <i>A profesora entrega a ficha ao alumnado indicándolles que, e silencio, deben completar as frases incompletas sobre as súas actitudes, comportamento, forma de pensar... respecto ao equipo e ao grupo clase en xeral.</i> <i>Unha vez teña completa a ficha a mestra as recolle e procede a súa lectura en voz alta indicándolles que deben indicar ao autor/a de cada ficha levantando a man.</i> ☉ Intervención de regulación da actividade: <i>A profesora ten que indicarlles que non deben deixar ningunha pregunta sen responder..</i>	
Avaliación da Dinámica <i>A dinámica desenvolveuse correctamente. Quedaron moi sorprendidos coas respostas dalgún compañeiro/a.</i> <i>A valoración da dinámica é moi positiva posto que serviu para que o grupo clase se coñeza mellor así coma para valorar os aspectos positivos dos outros.</i>	
Ampliación e xeneralización <i>A dinámica resultou axeitada para o grupo. É unha dinámica axeitada para apreciar as diferenzas e valorar as calidades dos demais.</i>	

1. Cando entro de novo a un grupo, sintome...	Intrigado por saber como imos traballar.
2. Cando o grupo empeza a traballar, eu...	Axudo en todo o que podo
3. Cando outras persoas coñecenme por primeira vez, elas...	Moi máis e gracioso
4. Cando estou nun grupo novo, sintome ben se...	Nos levamos ben e traballamos moito
5. Cando a xente garda silencio, eu...	Tamén guardo silencio por respecto aos demais
6. Cando algún/a fala moito, eu...	Dígo-lle con moito respecto se pode baixar o volume
7. Nun grupo sinto temores de...	Non traballar ben ou levamos mal
8. Cando alguén me ataca, eu...	Intento falar con el para solucionar o problema
9. Sintome ferido máis facilmente cando...	Me insultan a min ou a algún amigo.
10. Os que me coñecen ben pensan que eu...	Son gracioso, bromista e axudo todo lo que podo
11. Sintome só nun grupo cando...	Non escribo as miñas ideas
12. Só confío naqueles/ as que...	Me escultan, me tratan ben e me apoian.
13. A xente quere-me cando...	Os axudo e os quero a eles
14. A miña gran forza persoal é...	Os meus amigos e familiares
15. Eu son...	Moi enerxético e amigable.
16. Estou triste cando...	Non me apoian ou non escultan
17. Sintome ansioso cando...	Un amigo está mal
18. A calidade que máis me identifica é...	O idioma e a cultura.

1. Cando entro de novo a un grupo, sintome...	DESUPLICADO
2. Cando o grupo empeza a traballar, eu...	
3. Cando outras persoas coñecenme por primeira vez, elas...	IMPACTANSE
4. Cando estou nun grupo novo, sintome ben se...	MERECE PETAN
5. Cando a xente garda silencio, eu...	
6. Cando algún/a fala moito, eu...	
7. Nun grupo sinto temores de...	
8. Cando alguén me ataca, eu...	PODOME VERUISO
9. Sintome ferido máis facilmente cando...	
10. Os que me coñecen ben pensan que eu...	SÓN FELIZ
11. Sintome só nun grupo cando...	ME AISLAN
12. Só confío naqueles/ as que...	ME ENTENDER
13. A xente quere-me cando...	ME GATCE DE VERDAD
14. A miña gran forza persoal é...	A PERSISTENCIA
15. Eu son...	FELIZ
16. Estou triste cando...	CANDO LEFAGO DANO A ALGUÉN
17. Sintome ansioso cando...	ME LEVAN A CONTRABIA
18. A calidade que máis me identifica é...	

1. Cando entro de novo a un grupo, sintome... Pensativa
2. Cando o grupo empeza a traballar, eu... Traballo
3. Cando outras persoas coñecenme por primeira vez, elas... Presentanse
4. Cando estou nun grupo novo, sintome ben se... Me acoplan
5. Cando a xente garda silencio, eu... Tamén o gardo
6. Cando algún/a fala moito, eu... Escoito
7. Nun grupo sinto temores de... Que no me acoplen ou non traballemos ben
8. Cando alguén me ataca, eu... Defendome
9. Sintome ferido máis facilmente cando... Me traicionan
10. Os que me coñecen ben pensan que eu... Son amable
11. Sintome só nun grupo cando... Non me fan caso
12. Só confío naqueles/ as que... Trátanme ben
13. A xente quere cando... Portome ben ou estou con eles.
14. A miña gran forza persoal é... Ser valiente
15. Eu son... Amable
16. Estou triste cando... Fago algo mal
17. Sintome ansioso cando... Me levan a algún lugar que non coñezo
18. A calidade que máis me identifica é...

1. Cando entro de novo a un grupo, sintome... con intriga,
2. Cando o grupo empeza a traballar, eu... tamén me esforzo,
3. Cando outras persoas coñecenme por primeira vez, elas... falan conmigo,
4. Cando estou nun grupo novo, sintome ben se... me tratan ben,
5. Cando a xente garda silencio, eu... tamén o fago,
6. Cando algún/a fala moito, eu... fágolle un xesto para que non leve bronca,
7. Nun grupo sinto temores de... cando me fan mal e ameazándome
8. Cando alguén me ataca, eu... me defendo,
9. Sintome ferido máis facilmente cando... fan mal de min,
10. Os que me coñecen ben pensan que eu... son un bo amigo,
11. Sintome só nun grupo cando... nadie interacciona conmigo,
12. Só confío naqueles/ as que... me falan e me tratan ben,
13. A xente quere cando... eu os trato ben,
14. A miña gran forza persoal é... ter aos meus pais ao lado,
15. Eu son... amable,
16. Estou triste cando... me fan mal de alguén a quen quero, cando falan mal de min e cando me queren facer culpable de algo,
17. Sintome ansioso cando... todo que facer algo importante ou algo que me gusta,
18. A calidade que máis me identifica é... ser gracioso e amable,



O XOGO DA NASA

Obxectivos prioritarios <i>Descubrir que as decisións tomadas en equipo son máis axeitadas que as decisións de forma individual.</i> <i>Descubrir que o traballo en equipo, en xeral, é máis eficaz que o traballo individual.</i>	Material <i>Impreso, bolis de cores.</i> Organización do tempo <i>Dúas sesións para a lectura, elaboración da ficha, corrección, contraste e interpretación de resultados.</i>
Descrición da Dinámica Indicaranse: ☉ As tarefas: - O profesor le o caso dos astronautas. - O alumnado cubrirá o impreso repartido polo profesor facendo unha clasificación dos obxectos de maior a menor importancia: Primeiro dun xeito individual e logo en equipos de 3. - A profesora copia no encerado a clasificación segundo os técnicos da NASA. - O alumnado copia nas columnas 2 e 4 os resultados e calcula as desviacións (DIFERENCIAS) entre as respectivas clasificacións (individuais en en equipo) e as da NASA e calcula os TOTAIS A e B. - Se contrastan os resultados e se interpretan de acordo coas normas de interpretación recollidas no “Programa CA/ AC para ensinar a aprender en equipo”. - Finalmente cada equipo fai a autoavaliación do seu equipo e se fai unha posta en común. ☉ Consigna: A profesora explica o caso dos astronautas indicándolles a continuación “debedes encher a columna 1 facendo unha clasificación individual dos obxectos de maior a menor importancia para que a tripulación os leve na travesía ata chegar ata a outra nave, poñendo un 1 ao obxecto máis importante, un 2 ao segundo en importancia... e así ata o 15, o menos importante para a súa supervivencia”. A continuación en grupos de 3 (equipos de traballo cooperativo) indícalles “Agora tendes que encher a columna 3 coa clasificación que decida cada equipo dun xeito unánime”. Finalmente a profesora escribe no encerado a clasificación segundo os técnicos da NASA. O alumnado debe copialas nas columnas 2 e 4 e calcular as DIFERENCIAS (desviacións) e TOTAIS A e B. Se contrastan os resultados e se interpretan. Por último, lles indica “imos a facer unha autoavaliación dos equipos respondendo a este cuestionario que vouvos entregar para despois facer unha posta en común”.	

⊙ **Intervención de regulación da actividade:** A profesora ten que indicarlles que non deben impoñer a súa vontade na decisión de grupo e que deben participar e escoitar a tod@s.

Avaliación da Dinámica

A dinámica desenvolveuse correctamente.

A valoración da dinámica é moi positiva posto que serviu para que o grupo descubra que as decisións tomadas en equipo son máis axeitadas que as decisións tomadas de forma individual e que o traballo en equipo é, en xeral, máis eficaz que o traballo individual. Nos equipos en que isto non sucedeu valoraron que a opinión de todos non é considerada do mesmo xeito polo equipo, que non tod@s participan do mesmo xeito...

Ampliación e xeneralización

A dinámica resultou axeitada para o grupo. É unha dinámica axeitada para valorar o traballo en equipo.

Objetos	1	2	DIFERENCIA "A"	3	4	DIFERENCIA "B"	
	Pre-clasificación individual	Clasificación de la NASA		Clasificación del grupo	Clasificación de la NASA		
Una caja de Cerillas	15	15	0	15	15	0	
Una lata de alimentos concentrados	14	4	10	11	4	7	
20 m. de cuerda de nilón	4	6	2	3	6	3	
30 metros cuadrados de ropa de paracaidas	13	8	5	2	8	6	
Un fogón portátil	12	13	1	14	13	1	
Dos pistolas de 7,65 mm	10	11	1	12	11	1	
Una lata de leche en polvo	11	12	1	13	12	1	
Dos bombonas de oxígeno de 50 litros	3	1	2	1	1	1	
Un mapa estelar	5	3	2	7	3	4	
Un bote neumático con botellas de CO ₂	6	9	3	10	9	1	
Una brújula magnética	9	14	5	6	14	8	
20 litros de Agua	8	2	6	8	2	6	
4 Cartuchos de señales de vida que queman en el vacío	2	10	8	9	10	1	
Maletín primeros auxilios	1	7	6	4	7	3	
Un receptor-emisor de onda ultracorta	7	5	2	5	5	0	
TOTAL "A":			54	TOTAL "B":			43

Figura 22

"Un grupo de cinco astronautas ha tenido un accidente con su nave espacial en la Luna y ha tenido que abandonarla. Tiene que recorrer a pie una distancia de 300 Km hasta llegar a otra nave que les llevará a la Tierra.

De todo el material que tenían en la nave sólo han podido aprovechar 15 objetos que encontrareis en el cuadro adjunto.

Su supervivencia depende de saber decidir y seleccionar los objetos más imprescindibles y que más útiles les puedan ser para el trayecto a pie que tendrán que hacer hasta llegar a la otra nave, que se encuentra en la superficie iluminada de la Luna. De la preferencia que den a unos objetos o a otros depende la salvación del grupo de astronautas".


- Tenéis que hacer una clasificación de los objetos de mayor a menor importancia porque la tripulación se los lleve en la travesía que tendrán que hacer hasta llegar a la otra nave.
- Poner un 1 al objeto más importante, el último del cual tendrían que prescindir; un 2, al segundo en importancia... y así hasta que pongáis un 15 al objeto menos importante para su supervivencia, el primero del que podrían prescindir.

Objetos	1	2	DIFERENCIA "A"	3	4	DIFERENCIA "B"
	Pre-clasificación individual	Clasificación de la NASA		Clasificación del grupo	Clasificación de la NASA	
Una caja de Cerillas	11	15	3	10	15	5
Una lata de alimentos concentrados	3	4	1	3	4	1
20 m. de cuerda de nilón	12	6	6	12	6	6
30 metros cuadrados de ropa de paracaídas	7	8	1	11	8	4
Un fogón portátil	10	13	3	14	13	1
Dos pistolas de 7,65 mm	14	11	3	15	11	4
Una lata de leche en polvo	4	12	8	8	12	4
Dos bombonas de oxígeno de 50 litros	2	1	1	1	1	0
Un mapa estelar	9	3	6	6	3	3
Un bote neumático con botellas de CO ₂	15	9	6	9	9	0
Una brújula magnética	8	14	6	7	14	7
20 litros de Agua	1	2	1	2	2	0
4 Cartuchos de señales de vida que queman en el vacío	13	10	3	13	10	3
Maletín primeros auxilios	5	7	2	4	7	3
Un receptor-emisor de onda ultracorta	6	5	1	5	5	0
TOTAL "A":			51	TOTAL "B":		41

ESTRUTURA:


LECTURA COMPARTIDA

Contidos prioritarios <i>Lectura dun texto para posteriormente realizar unha actividade grupal (Números iguais xuntos).</i>	Proxecto /Unidade Didáctica <i>A vola ao mundo en 160 días.</i> Área/s Lingua Castelá, lingua galega, matemáticas, CCNN e CCSS. Organización do tempo <i>Unha sesión.</i>
Descrición da Estrutura Indicaranse: ☉ As Tarefas - <i>Ler un texto.</i> ☉ Consigna: <i>O número 1 de cada equipo le o primeiro parágrafo, o número 2 deberá preguntar o significado da palabra que non coñece (ou da palabra clave do parágrafo no suposto que coñeza o significado de todas) e o número 3 deberá explicalo ou resumilo. Cando remata o número 3, o número 1 e 2 poden puntualizar, matizar e opinar o dito por ese.</i> <i>O número 2 de cada equipo le o segundo parágrafo e se repite o proceso anterior ata rematar a lectura.</i> ☉ Intervención de regulación da actividade: <i>Ás veces xorden dúbidas que con respecto á lectura que deben resolver membros dos outros equipos ou a profesora. Tenden a aceptar o resumo feito.</i> ☉Avaliación da aprendizaxe do alumnado: <i>Observación do desenvolvemento da actividade e corrección da actividade posterior.</i>	
Avaliación da Estrutura: <i>Adecuada para lograr unha boa comprensión lectora por parte de todo o alumnado. O máis difícil é a tendencia a dar por bo o resumo do anterior. Ás veces cústalles facer un bo resumo.</i>	
Ampliación e xeneralización <i>Pódese utilizar en calquera texto de calquera área.</i>	



LAPIS AO CENTRO

Contidos prioritarios <i>Realización de exercicios para calcular o custo dunha receita.</i>	Proxecto /Unidade Didáctica <i>A volta ao mundo en 160 días.</i> Área/s <i>LGal, LCas, Matemáticas, CCNN e CCSS.</i> Organización do tempo <i>Unha sesión.</i>
Descrición da Estrutura Indicaranse: ☉ As Tarefas - <i>Responder ás preguntas sobre o custo da receita elixida.</i> ☉ Consigna: <i>O número 1 de cada equipo le a primeira pregunta e explica como respondería. O número 2 e 3 sucesivamente aportan información, puntualizan, matizan, opinan... Unha vez que hai consenso e que todos entenden a resposta collen o portátil e anotan a resposta (neste momento non se pode falar). Unha vez que rematan todos, o número 2 de cada equipo le a seguinte pregunta e se repite o proceso anterior ata rematar todas as preguntas.</i> ☉ Intervención de regulación da actividade: <i>Ás veces non é fácil chegar ao consenso no grupo e demandan a intervención da profesora. Outras veces intentan contestar por aquel que ten máis dificultades.</i> ☉ Avaliación da aprendizaxe do alumnado: <i>Observación do desenvolvemento da estrutura e revisión do traballo do alumnado.</i>	
Avaliación da Estrutura: <i>Desenvolveron a estrutura axeitadamente. O máis difícil foi chegar ao consenso e que todos tivesen claro o que ían escribir antes de facelo.</i>	
Ampliación e xeneralización <i>Pódese utilizar en calquera área para a resolución de exercicios.</i>	







CEIP PLURILINGÜE DE LEIRADO

CARPETA DE AULA

NÚMEROS IGUAIS XUNTOS

Contidos prioritarios <i>Comprensión lectora.</i>	Proxecto /Unidade Didáctica <i>A volta ao mundo en 160 días.</i> Área/s <i>LGal, LCast, Matemáticas, CCNN e CCSS</i> Organización do tempo <i>Unha sesión</i>
Descrición da Estrutura Indicaranse: ☉ As Tarefas - <i>Despois de traballar a lectura compartida o alumnado debe responder unha serie de cuestións co obxectivo de asegurar ao máximo a esixencia mutua entre os membros de cada equipo á hora de facer e saber realizar os exercicios.</i> ☉ Consigna: <i>A profesora asigna unha serie de preguntas aos equipos e lles indica que os membros de cada equipo deben decidir como hai que respondelas, as deben responder e deben asegurarse de que todos saben respondelas. Indícalles que despois vai escoller ao azar un número do 1 ao 3 entre os tres membros de cada equipo base. Os que teñen ese número en cada equipo deben saír ante os demais e responder a pregunta.</i> ☉ Intervención de regulación da actividade: <i>A mestra debe dar algún tipo de recompensa (loanza, aplauso...) cando rematan e debe dar a todos a oportunidade de obter esa recompensa. Hai que insistir en que si un alumno non sabe a resposta non é necesariamente a súa responsabilidade, se non de todo o equipo que non resolveu correctamente a tarefa en cuestión.</i> ☉ Avaliación da aprendizaxe do alumnado: <i>Observación do desenvolvemento da actividade e corrección das respostas.</i>	
Avaliación da Estrutura: <i>Adecuada como complemento de calquera estrutura básica para asegurar ao máximo a esixencia mutua entre os membros dun equipo á hora de facer e saber facer uns determinados exercicios ou actividades.</i>	
Ampliación e xeneralización <i>Pódese utilizar tamén para comprobar a comprensión de calquera texto e/ou explicación, así como para coñecer as cousas que saben dun determinado tema para coñecer as súas ideas previas .</i>	





ADAPTACIÓN DA AC PARA O

EQUIPO CO ALUMNADO CON MÁIS BARREIRAS PARA A APRENDIZAXE:

Autoinforme : Adaptación dunha dinámica/estrutura/plan de equipo para o equipo con un alumno/a con barreiras para a aprendizaxe

Profesor/Profesora	Naren Fernández, Paula Souto e Begoña Muñoz
Centro	CEIP Plurilingüe de Leirado
Curso e Grupo	6º de educación primaria
Área	Lingua castelá e lit., Lingua galega e lit., CCSS, CCNN e Matemáticas
Unidade Didáctica	Proxecto “ A volta ao mundo en 160 días”

Descrición da actividade e situación na secuencia didáctica da Unidade de Aprendizaxe/ tarefa

A volta ao mundo en 160 días

Estrutura empregada	Lectura compartida e Nº iguais xuntos
----------------------------	---------------------------------------

Adaptación das estruturas: **Lectura compartida**

a) Características do equipo, barreiras do alumno/a e tipo de adaptación.

Equipo de tres membros de 6º de educación primaria. Dificultade para chegar a acordos por problemas de liderado. Facilitade para axudar ao alumno con máis barreiras para a aprendizaxe. Coñécense dende hai seis anos e traballaron con este en outros equipos de cooperativo anteriormente.

O alumno que presenta máis barreiras presenta dificultades no ámbito da relación, no ámbito da comunicación e da linguaxe e no ámbito da flexibilidade mental e de comportamento. Ten unha adaptación curricular nas seguintes áreas: nas tres linguas (castelá, galega e lingua estranxeira-inglés), matemáticas, CCSS, CCNN e en educación artística-música. O alumno flexibilizou educación infantil.

b) Descrición da actividade adaptada indicando a acción concreta que debe realizar cada un dos membros do equipo.

Un alumno le o primeiro parágrafo dun texto. O alumno seguinte (seguindo as agullas do reloxo) pregunta a palabra que non entende e o que ven a continuación explica o lido e fai un resumo.

O segundo alumno le o segundo parágrafo, o terceiro pregunta a palabra e o cuarto fai o resumo, e así sucesivamente ata que len todo o texto.

As palabras que non entenden as buscan no dicionario e se seguen sen entendela o voceiro do equipo o comunica á mestra que pide axuda aos demais equipos.

Adaptación da Lectura compartida ao equipo do alumno con máis barreiras para a aprendizaxe: estrutura cooperativa con tarefas cos mesmos contidos pero con competencias diferentes.

Todos os compañeiros van rotando as tarefas de ler, preguntar a palabra que non entenden ou palabra clave e resumir. O alumno que ten máis barreiras participa na quenda de ler pero se lle adaptan as quendas de:

- Preguntar a palabra que non entende: a leva preparada e escrita tras a


preparación previa da lectura coa mestra de AL. - Resumir: prepara o resumo coa mestra de AL nunha sesión previa.
c) Apoio proporcionado por o mestre/a (de área ou de apoio) - Previo á realización da estrutura: En apoio individual se prepara o texto a traballar: comprensión lectora, busca de palabras que non coñece, resumo... - Durante a realización da estrutura: Se identifica a tarefa específica e adaptada (palabra clave, resumo). A mestra de AL facilita modelo e segue a execución neste equipo.
d) Apoio do resto de compañeiros/as do equipo para o desenvolvemento da estrutura É necesario ensinar ao alumnado do equipo o funcionamento adaptado da estrutura e modelar a participación. O profesorado prepara previamente a estrutura.
Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): A adaptación permitiu a participación cunha maior autonomía do alumno na Lectura Compartida. Parte do apoio proporcionado podería realizalo o equipo de cooperativo co modelado da mestra de AL.

Adaptación das estruturas: Números iguais xuntos
e) Características do equipo, barreiras do alumno/a e tipo de adaptación. Equipo de tres membros de 6º de educación primaria. Dificultade para chegar a acordos por problemas de liderado. Facilitade para axudar ao alumno con máis barreiras para a aprendizaxe. Coñécense dende hai seis anos e traballaron con este en outros equipos de cooperativo anteriormente. O alumno que presenta máis barreiras presenta dificultades no ámbito da relación, no ámbito da comunicación e da linguaxe e no ámbito da flexibilidade mental e de comportamento. Ten unha adaptación curricular nas seguintes áreas: nas tres linguas (castelá, galega e lingua estranxeira-inglés), matemáticas, CCSS, CCNN e en educación artística-música. O alumno flexibilizou educación infantil.
f) Descrición da actividade adaptada indicando a acción concreta que debe realizar cada un dos membros do equipo. A mestra asigna aos equipos a tarefa de facer un resumo oral/preguntas sobre o texto que acaban de ler e os membros de cada equipo deben asegurarse que todos saben responder. Transcorrido o tempo previsto, a mestra escolle ao azar un número do 1 ao 3 entre os tres membros dun equipo de base. Os que teñen este número en cada equipo deben saír ante os demais e realizar a tarefa (resumo, responder as preguntas...). Os que o fan ben reciben un eloxio por parte da mestra (recompensando sempre o traballo do equipo - a tarefa é responsabilidade de todo o equipo). Adaptación de Números iguais xuntos ao equipo do alumno con máis barreiras para a aprendizaxe: estrutura cooperativa con tarefas cos mesmos contidos pero con competencias diferentes. O alumno que ten máis barreiras leva apoios visuais preparados tras a

preparación previa da lectura coa mestra da AL. Non se escollen ao azar as preguntas e o alumno só prepara a pregunta que ten que responder.
g) Apoio proporcionado por o mestre/a (de área ou de apoio) - Previo á realización da estrutura: En apoio individual se prepara a resposta que debe contestar: comprensión lectora, preguntas clave, resumo... - Durante a realización da estrutura: Se identifica a tarefa específica e preséntanselle apoios visuais.
h) Apoio do resto de compañeiros/as do equipo para o desenvolvemento da estrutura É necesario ensinar ao alumnado do equipo o funcionamento adaptado da estrutura e modelar a participación. O profesorado prepara previamente a estrutura.
Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...): A adaptación permitiu a participación cunha maior autonomía do alumno en Números iguais xuntos. Parte do apoio proporcionado podería realizalo o equipo de cooperativo co modelado da mestra de AL.



CEIP PLURILINGÜE DE LEIRADO



CARPETA DE AULA

ÁMBITO C: PLANS DE EQUIPO

NOME DO EQUIPO
TEAM DSM

LOGOTIPO


TAREFA OU TEMA
1º TRIMESTRE

DATAS: 1/12/2021

COMPONENTES E CARGOS

COORDINADOR/A 	David	EXPLICA E LEMBRA NORMAS, FUNCIONAMENTO E <u>OBXECTIVOS</u> .
SECRETARIO/A VOCEIRO/A 	Sofía	<u>COIDA DO PLAN</u> , REDACTA E ASINA EN NOME DO EQUIPO. FALA EN NOME DO EQUIPO
ENCARGADO/A 	Miriam	<u>COIDA E REPARTE MATERIAIS</u> , FAI RECADOS.

COMPONENTES E COMPROMISOS PERSOAIS (QUE IMOS FACER PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS)

David	Axudar máis aos compañeiros que necesitan.
Sofía	Enfadarme menos cos meus compañeiros.
Miriam	Falar máis lento.

NOME DO EQUIPO
TEAM JDL

LOGOTIPO


TAREFA OU TEMA
2º TRIMESTRE

DATAS: 10/02/2021-07/04/2021

COMPONENTES E CARGOS

COORDINADOR/A 	JAVI	EXPLICA E LEMBRA NORMAS, FUNCIONAMENTO E OBXECTIVOS.
SECRETARIO/A VOCEIRO/A 	DAVID	<u>COIDA DO PLAN</u> , REDACTA E ASINA EN NOME DO EQUIPO. FALA EN NOME DO EQUIPO
ENCARGADO/A 	LITO	<u>COIDA E REPARTE MATERIAIS</u> , FAI RECADOS.

COMPONENTES E COMPROMISOS PERSOAIS (QUE IMOS FACER PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS)

JAVI	- XOGAR MENOS CON DAVID. - DICIRLLE JAVI ATENDE.
DAVID	- AXUDAR MAIS A LITO. - JAVI AVISA A DAVID
LITO	- ESTAR MAIS TRANQUILO. - POÑEMOS A NOSA MAN PARA QUE A COLLA OU CHOQUE.

DATA: Xoves, 24 de marzo do 2022

	MOITO	BASTANTE	POUCO	NADA
CUMPRIMOS OS CARGOS		X		
AXUDÁMONOS	X			
ESCOITÁMONOS	X			
CHEGAMOS A ACORDOS	X			
TODOS E TODAS PARTICIPAMOS	X			
AVANZAMOS		X		
FALAMOS CON RESPECTO	X			
...				

COMPROMISOS PERSOAIS (AQUÍ ESCRIBE CADAQUÉN O SEU)

NOME	QUE FIXEN BEN?	QUE TEÑO QUE MELLORAR?
BRUNO	Aporteí moitas ideas para mellorar a actividade.	No ir tan por miña conta.
BRIAN	Mellorou a fala.	Non ponerme nervioso
MIRIAM	Axudar a dar ideas.	Non distraerme tanto

